

Os animais

Os animais son moi diferentes entre si. Podemos agrupalos segundo teñan un esqueleto de ósos no seu interior ou non o teñan.

Animais invertebrados

Os animais invertebrados NON teñen ósos no seu interior. Son invertebrados, por exemplo, unha mosca ou un polbo.



Animais vertebrados

Os animais vertebrados SI teñen esqueleto no seu interior. Os mamíferos, as aves, os réptiles, os peixes e os anfibios son animais vertebrados.

Une estes animais coa clasificación correspondente.

Pita		Ave
Cocodrilo		Réptil
Peixe		Anfibio
Rá		Mamífero
Gato		Peixe

Agora escreve debaixo de cada animal V se é vertebrado e I se é invertebrado:

